

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



**RESOLUCIÓN DA CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL ASESOR ESPECIALISTA E COLABORADORES, A PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL E INGRESO EN DÚAS PRAZAS ESTRUTURAIS E VACANTES PERTENCENTES Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVO**

Consonte as bases específicas que rexen a convocatoria dos procesos selectivos convocados para a execución da oferta de emprego público de 2022 da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, correspondentes ás prazas estruturais incursas no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOP núm. 119 do 22 de xuño de 2022; BOE núm.171 do 18.07.2022), o Tribunal cualificador, por medio da súa Presidenta, propón á Concelleira delegada da Área de Urbanismo do Concello de Vigo, o nomeamento de persoal asesor especialista para a fase de oposición, correspondente aos supostos prácticos de carácter ofimático, e persoal colaborador dos mesmos.

Á vista do anterior esta Concelleira delegada da Área de Urbanismo, no exercicio das súas atribucións delegadas mediante Resolución da Alcaldía do do 11.07.2019,

RESOLVE

Primeiro.- Designar en calidade de membro asesor especialista para os supostos prácticos de carácter ofimático, a dona Mercedes María Mesía Alonso, programadora de sistemas da Xerencia Municipal de Urbanismo, suplente a don Pablo Sevilla Valcárcel, técnico responsable da administración electrónica da Xerencia Municipal de Urbanismo, e como colaborador deles a don David Iglesias Otero, operador informático.

Segundo.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vigo.

Así o ordena e dispón a Concelleira delegada da Área de Urbanismo do Concello de Vigo e Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Vigo, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da XMU, dou fe.

BRY/tr

